

DESCUBRE A NOVA COLECCIÓN OUTONO-INVERNO

ESTREA ESTILO!

DO COMERCIO COMPOSTELÁN



SÁBADO
19
OUTUBRO

HORARIO
de
10 a 15 h.
e de
16 a 21 h.

H
O
T
E
L

ARAGUANAY

Entrada
de balde

BASES DE PARTICIPACIÓN



Ficha da actividade

Nome: [Estrea Estilo!](#)

Entidade promotora: Concellaría de Comercio do Concello de Santiago de Compostela

Secretaría técnica: Correveydile S.C.

Data: Sábado 19 de outubro.

Obxecto: Xornada de dinamización do pequeno comercio compostelán a través da presentación, exhibición e venda das novas coleccións outono-inverno 2013-2014 dos comercios da cidade en diversos espazos do Hotel Araguaney.

Horario: de 10h. a 15h. e de 16h. a 21h.

Potenciais participantes: Pequenos comercios ubicados na cidade de Santiago de Compostela pertencentes aos sectores de moda téxtil, calzado, complementos, e produtos delicatessen/gourmet.

Concepto

A xornada [Estrea Estilo!](#) levará a un contexto elegante e atípico as novas coleccións de moda, deseño, complementos, etc. dos comercios da cidade, exhibíndoos en dezaseis espazos dun comfortable hotel de cinco estrelas ubicado nunha das principais zonas comerciais de Santiago de Compostela.

Desta forma os visitantes poderán realizar un atractivo circuito por quince habitacións e dous salóns do hotel convertidos nunha pequena fiestra ao universo de novidades que cada establecemento queira presentar aos seus clientes. Os produtos de moda téxtil e moda calzado exporáanse nas habitacións e pertencerán a dous comerciantes de distintos sectores, de forma que a oferta se enriqueza e se complementa sen entrar en competencia: traxes de cerimonia con zapatos de deseño, roupa xuvenil con calzado deportivo, roupa infantil con moda estilo urbán etc. Os visitantes terán a oportunidade de probar as prendas nos aseos das habitacións do hotel habilitados a modo de probador, e efectuar as súas adquisicións a prezos especiais e rodeados de incentivos e sorpresas, rendabilizando o seu tempo de ocio e compras nunha xornada lúdica e innovadora chea atractivos.

No caso das novidades en complementos e delicatessen, os produtos exhibiránse en pequenos stands individuais na Galería de exposicións do hotel amenizados por música en directo, degustacións e sorteos que de seguro propiciarán as vendas nun ambiente distendido e alegre.

Os clientes terán a oportunidade así de establecer un contacto directo coas pezas de nova colección, que estarán expostas de forma novidosa e orixinal, e tamén cos comerciantes que, tras recibilos, poderán explicarlles a súa persoal visión das novas tendencias sorprendéndoos con rifas para sorteos de agasallos, vales para o acceso aos servizos complementarios planificados pola Organización para obsequiar aos clientes que merquen durante a xornada, e as sorpresas extra que de forma voluntaria queiran ofrecer os comercios participantes: como por exemplo canapés de recibimento, copa de cava para os compradores, "busto-vivo" para exhibir as pezas de nova colección etc.

Para concluir a visita, os participantes da xornada [Estrea Estilo!](#) poderán acudir ao Salón Rahid do Hotel Araguaney, no que gozarán de servizos complementarios gratuitos baixo demanda (gardería ludoteca para cativos e servizo de personal shopper para o asesoramento nas compras) así como agasallos para os que teñan realizado compras aos comerciantes participantes: sesións de asesoría de imaxe, pintado e decoración de unllas e maquillaxe día e noite.

BASES DE PARTICIPACIÓN

Dereitos dos participantes:

1. O Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Comercio organiza a xornada **Estrea Estilo!** co obxecto de dinamizar e favorecer ás vendas no comezo da tempada outono-inverno do pequeno comercio da cidade. Poderán participar na actividade pequenos comercios de moda téxtil, moda calzado, moda complementos (xoiaría, bixutería, gafas, marroquinería, etc.) e produtos gourmet, con tenda física no concello de Santiago de Compostela que lean, acepten, cubran, asinen e envíen as solicitudes de participación no evento dentro da data límite de presentación e reciban notificación vía correo electrónico de ter sido seleccionados para a actividade.

2. A inscrición previa realizarase mediante o envío da solicitude asinada ao correo electrónico comercio@santiagodecompostela.org ou por Fax ao: 981543193 a partires das 14 horas do martes 24 de setembro, establecéndose como data límite para a recepción de solicitudes as 14 horas do luns día 7 de outubro.

3. Os comercios poderán solicitar toda a información que precisen para valorar a súa participación no evento no seguinte contacto (e-mail: comercio@santiagodecompostela.org - Teléfonos: 649610692 ou 606955797).

4. O total de participantes quedará establecido nun total de 60 comercios máximo a determinar entre as solicitudes recibidas no prazo estipulado segundo os criterios que abaixo se indican.

5. O listado final de participantes seleccionados elaborárase tendo en conta a orde de inscrición, a heteroxeneidade de sectores e estilos, e o equilibrio representativo das distintas zonas comerciais da cidade, procurando que haxa a maior diversidade e complementariedade posible para atraer a públicos e clientes de todas as idades e preferencias. Establecerase un máximo de comercios participantes por sector que, salvo cambios ou modificacións decididos pola Organización para o correcto e idóneo desenvolvemento da xornada, será o seguinte:

-Máximo de comercios de moda téxtil (home, muller, infantil, deportiva, cerimonia, lencería etc.): 25.

-Máximo de comercios de moda calzado: 15

-Máximo de comercios de moda complementos: 20.

-Máximo de comercios de tendas gourmet: 15.

6. Cada comercio poderá optar a participar inscribíndose en varias categorías se así o requirira a oferta de produtos da súa tenda. Nese caso deberá indicar na solicitude de inscrición a orde de prelación entre elas (1ª, 2ª, 3ª...), tendo en conta que a marcada como 1ª deberá corresponderse sempre coa actividade principal ou produto maioritario do establecemento e trasladarse do mesmo xeito á iniciativa. A participación a través das demais categorías solicitadas unicamente será posible se así o autoriza a Organización trala correspondente solicitude por parte do comerciante.

7. Terán preferencia de participación na actividade **Estrea Estilo!** os pequenos comercios con tenda física na cidade non pertencentes a cadeas ou grandes grupos que operen baixo un mesmo nome comercial ou franquías.

8. Comerciantes con habitación: Os comerciantes pertencentes ás categorías de moda téxtil e moda calzado ocuparán quince habitacións repartidas nas plantas 3ª e 4ª do Hotel Araganey de Santiago de Compostela. Cada unha das quince habitacións será compartida por dous comercios pertencentes a categorías complementarias (moda muller con moda home, roupa deportiva con calzado, traxes cerimonia con moda infantil etc.) non excluíndose a posibilidade de que, por acordo con establecementos doutras categorías, os comerciantes con habitación decidan exhibir pezas doutras tendas para completar conxuntos, propoñer looks integrados, e favorecer as compras múltiples (abrigos con paraugas e gafas de sol, vestidos con xoias e tocados etc.).

9. Se os comerciantes con posibilidade de acceso a habitación tiveran especial interese en compartir habitación con outro comerciante en concreto, sendo ese interese recíproco e manifestado por ambas partes, deberán facelo constar deste modo na solicitude adxunta dos dous establecementos. A Organización revisará estas peticións de alianzas previas, e intentará favorecelas na medida do posible, reservándose o dereito de aceptar esta proposta ou ben indicar outra segundo as necesidades do evento.

10. Se os comerciantes con posibilidade de acceso a habitación non amosaran preferencia de asociación na solicitude adxunta e de forma recíproca con outro establecemento, a Organización resérvase o dereito de distribuír os espazos segundo os seus criterios, sempre intentando favorecer o idóneo desenvolvemento da actividade.

11. A Organización prestará a cada comerciante con habitación unha estrutura expositiva de eco-deseño en cartón en forma de árbore de aproximadamente 1'65 m. de alto con dúas baldas onde poderán exhibir, posar e colgar pezas de xeito que se consiga unha uniformidade estética na exposición que favoreza a orde e o bo aspecto da habitación. Ademais, e de forma voluntaria, cada comerciante con habitación poderá aportar dous expositores máis (burros, pequenas estanterías expositivas, espellos de pé, etc.) en coordinación co seu compañeiro de habitación e baixo o visto bo previo por parte da Organización.

12. Comerciantes con stand: Os comerciantes pertencentes ás categorías de moda complementos e produtos gourmet localizaranse en trinta stands na Galería de exposicións do Hotel Araguaney situada na planta baixa do edificio. O uso destes stands será individual, non excluíndose a posibilidade de que, por acordo con establecementos doutras categorías, os comerciantes con stand decidan exhibir pezas doutras tendas para completar conxuntos, propoñer looks integrados, e favorecer as compras múltiples (bolsos con paraugas e gafas de sol, xoias con vestidos e tocados etc.).

13. Ditos stands serán de eco-deseño en cartón en forma de mesa rectangular cunhas medidas de 1'35 m. x 0'55 m. Proveráselles ademais dunha cadeira e un cobertor para protexer o stand, e ofreceráselles a posibilidade de que, de forma voluntaria, complementen o seu espazo cun máximo de dúas estruturas expositivas que poderán colocar diante ou detrás do stand non superando o ancho do mesmo (1,35m).

14. A Organización enviará aos comerciantes seleccionados, e cando así o determine, unha serie de imaxes exemplo que poderán servir de referencia aos comerciantes para a colocación dos seus produtos nas estruturas expositivas. A partir destas imaxes os comerciantes poden mellorar a proposta empregando a súa creatividade, estilo e persoal sentido da estética.

15. A Organización proverá aos comerciantes participantes de carteis identificativos para os seus espazos en concordancia coa imaxe deseñada para o evento que colocarán no seu stand ou habitación para promocionar a súa marca e resultar recoñecibles aos visitantes.

16. A Organización deseñará para o evento material promocional (cartelería, flyer informativo, etc.) que será distribuído entre os comerciantes para que estes poidan repartir entre os seus clientes e promover a iniciativa.

17. A Organización deseñará para a actividade un programa de man co listado final de comercios participantes, mapa de espazos habilitados no hotel e axenda de actividades e servizos complementarios que será repartido entre os comerciantes os días previos ao evento para que estes poidan distribuír entre os seus clientes e promover a iniciativa.

18. A Organización habilitará un perfil da iniciativa [Estrea Estilo!](#) nas redes sociais Facebook e Twitter co obxecto de promocionar a actividade e aos seus participantes. Para este efecto solicitaráselle aos comerciantes material gráfico das súas tendas e das novas coleccións que exhibirán na xornada, que deberán ter preparado dende o momento da pre-inscrición para enviar á Organización cando esta así o requira.

19. A organización proverá aos participantes finalmente seleccionados de vales para servizos complementarios que entregarán a modo de agasallo aos clientes que efectúen unha compra no seu espazo sen establecer para elo importe mínimo de compra. Os servizos complementarios que se habilitarán para a xornada serán: asesoría de imaxe, pintado e decoración de unllas e sesión de maquillaxe día e maquillaxe noite. Os visitantes da xornada poderán acceder a estes servizos segundo dispoñibilidade e baixo cita previa entregando o seu vale no espazo reservado ao efecto no Salón Rahid do Hotel Araguaney.

Obrigas dos participantes:

1. Os quince cuartos alugados para a iniciativa [Estrea Estilo!](#) no Hotel Araguañey deberán ser ocupados sempre por dous comercios con tenda física na cidade de Santiago de Compostela.

Nesta asociación intentarán buscar sempre o equilibrio, harmonía, equidade e complementariedade entre as dúas marcas, establecendo entre elas diálogos e pactos de cara á decoración, igualdade nos espazos a ocupar, distribución dos produtos etc. sempre velando pola estética e vistosidade da habitación co ánimo de sorprender gratamente aos visitantes. Neste sentido a Organización resérvase o dereito a revisar as habitacións, supervisando a distribución estética, a colocación do produto e ofrecendo asesoramento e consello de cara á mellor rendabilización do espazo e a harmonía e atractivo do mesmo.

2. O mobiliario da habitación (cama, mesa, mesiña de noite, cómoda, escritorio, armario, etc.) poderá ser utilizado e deberá ser compartido co outro comerciante para exhibir as respectivas coleccións respectando e coidando en todo momento o estado e aparencia orixinal de mobles paredes, aseos, etc. A Organización non se fará responsable de posibles danos ou desperfectos causados polo comerciante, tendo este que abonar os desperfectos, no caso de que así se produciran, segundo o custe que o Hotel Araguañey estableza para os danos.

3. Os aseos de cada habitación utilizarase a modo de probador facilitando deste xeito a venda final ao cliente.

4. Os comerciantes faranse responsables do material cedido pola Organización e deberán abonar o importe correspondente no caso de que sufra calquera dano, perda ou desperfecto. Dito importe ascenderá a:

- 70 euros + IVE no caso de ser danado ou extraviado o stand de eco-deseño en cartón que se lle prestará aos comercios de moda complementos e tendas gourmet.

- 45 euros + IVE no caso de ser danada ou extraviada a estrutura expositiva en forma de árbore de eco-deseño en cartón que se lle prestará aos comercios de moda téxtil e moda calzado.

5. As caixas ou maletas que utilicen os comerciantes para o transporte dos produtos, prendas e/ou complementos a expoñer e vender ata os espazos asignados dentro do hotel, quedarán gardadas nun lugar non visible para o público visitante de forma que se favoreza a orde e estética do evento.

6. Os comerciantes deberán atender estritamente aos horarios de apertura e peche da xornada [Estrea Estilo!](#), así como aos horarios de montaxe e desmontaxe dos espazos, que a Organización confirmará no seu momento, e que se estiman da seguinte maneira:

Para os comercios de moda téxtil e moda calzado e para os comercios de moda complementos e produtos gourmet:

- Montaxe: tarde do venres 18 de outubro de 14h. - 19h.

- Desmontaxe: domingo día 20 de outubro de 9h. - 11h.

- Acceso ao espazo asignado dende ás 9h do sábado 19 de outubro.

- Horario de apertura ao público sábado 19 de outubro: de 10h. - 15h. e de 16h. a 21h.

7. Non estará permitido desmontar, pechar, ou deixar desatendido o espazo antes da hora de recollida: as 21 h. do sábado 19 de outubro.

8. Os comerciantes encargaranse de atender o espazo asignado (xa sexa o propietario persoalmente, ou unha persoa designada por el/ela para quedar ao cargo). Se desatenderan o seu espazo será baixo a súa propia responsabilidade, non facéndose cargo a Organización de calquera falta, roubo ou dano nas pertenzas dos comerciantes.

9. Os comerciantes finalmente seleccionados, comprométense a facilitar información sobre o seu comercio e a aportar, cando así se lles requira, imaxes das súas coleccións e tendas, e autorizar a súa

publicación nas redes sociais e nos medios de comunicación coa fin de promocionar os seus comercios e o propio evento.

10. Así mesmo, o comerciante autoriza a captación de material gráfico e audiovisual das súas coleccións, establecementos, espazos no hotel e de si mesmos antes e durante o evento, e cede os dereitos de imaxe de todo o material gráfico e audiovisual que resulte do evento coa fin de promocionar a iniciativa.

11. Os comercios participantes comprométense a participar e colaborar cordial e activamente no desenvolvemento de cada unha das accións de [Estrea Estilo!](#).

12. A participación na actividade [Estrea Estilo!](#) implica a aceptación íntegra das presentes bases e das decisións que adopte a Organización na súa interpretación, e naqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento comprometéndose a adaptarse a posibles cambios sobrevidos.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

- Nome do comercio:
- Enderezo postal:
- Razón social:
- Nome e apelidos do representante:
- DNI do representante:
- Teléfono fixo de contacto:
- Teléfono móbil de contacto:
- Correo electrónico:
- Categoría do comercio (moda téxtil, moda calzado, complementos ou tenda gourmet) e categoría/s ás que aspira na iniciativa por orde de preferencia:

Marcar cun "x" a categoría na que desexa participar. No caso de querer optar a máis dunha categoría indique a orde de preferencia entre elas (1º 2º, 3º, etc...) tendo en conta que a 1º será sempre a actividade principal ou produto maioritario.

Moda téxtil	
Moda calzado	
Moda complementos	
Produtos gourmet	

- Tipoloxía de produtos a expoñer e vender na xornada **Estrela Estilo!**:
- Nome do comerciante e nome do establecemento co que lle gustaría compartir habitación de ser o seu caso:
- Categoría do establecemento co que lle gustaría compartir habitación de ser o seu caso:
- Web/Blog/Facebook/Twitter do seu establecemento:
- Nome completo e DNI da persoa que, como responsable do comercio, asistirá á **Estrea Estilo!** atendendo o espazo asignado:
- Notas:

Mediante a sinatura da presente solicitude, DECLARO TER LIDO, ACEPTAR e COMPROMETERME A CUMPLIR as premisas das bases de participación da actividade de dinamización do comercio compostelán **Estrea Estilo!** no caso de ser seleccionado para a participación na xornada, e para que así conste aos efectos oportunos asino o presente documento,

Asinado por:

Data e lugar: Santiago de Compostela, a de de 2013